

ORDENANZA FISCAL NÚM. 114

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de mercado na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.2. Serán obxecto desta exacción:

- a) A concesión e traspaso de postos fixos pechados e abertos na praza de Abastos, en todo o non regulado nos contratos particulares subscritos.
- b) As de almacéns de sotos na dita praza, para venda directa ou sen ela.
- c) As de postos fixos interiores e exteriores no Mercado da rúa L. Quiroga Ballesteros.
- d) A ocupación eventual de postos no Mercado e na praza de Abastos, con dereito de reserva e sen el.
- e) Entrada de camións no Mercado e praza de Abastos.
- f) Pesadas efectuadas na báscula da praza de Abastos.
- g) Almacenaxe en locais da praza de Abastos e Mercado e locais similares, con exclusión de sotos da praza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza fiscal nace dende que se presta o servizo.

2. Estarán obrigados ó pago as persoas naturais ou xurídicas ás que sexa outorgada a concesión ou licenza para ocupación de postos ou para o seu traspaso, así como as que utilicen calquera dos demais servizos suxeitos a taxa.

ARTIGO 3º.

1.- Tomarase como base de gravame:

a) POSTOS

A localización, destino e superficie deles, así como calquera outra circunstancia que, a xuízo da Alcaldía, tras o informe do servizo, deba terse en conta.

b) ALMACÉNS EN SOTOS:

A unidade, diferenciando os casos de autorización ou non de venda directa dende estes.

c) ENTRADA DE CAMIÓNS E PESADA:

O número de actos sometidos a gravame.

d) ALMACENAXE FÓRA DOS SOTOS:

O quilo de mercancías e día de ocupación.

TARIFAS

PRAZA DE ABASTOS E MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS

a) POSTOS FIXOS:

Por m ² e mes:	12,80 €
---------------------------	---------

Pola reserva de mesas ou mostradores, ó mes 12,25 € e ó día 1,45 €.

b) CÁMARAS FRIGORÍFICAS:

Por m ² e mes:	4,35 €
---------------------------	--------

c) ALMACÉNS:

Por m ² e mes:	2,33 €
---------------------------	--------

d) POSTOS EVENTUAIS

Por m ² e día:	1,00 €
---------------------------	--------

En todos os casos será a cargo do usuario do posto calquera contribución ou imposto e demais cargas que, tendo como base estes postos, veña obrigado a satisfacer ó Concello.

Para os cambios de titularidade de concesións de postos na praza e mercado por “inter vivos”, terase en conta o establecido no contrato particular de concesión e art. 17º da ordenanza.

No caso de que se autoricen obras de peche para algún posto, dende o momento en que estas obras se realicen, pasarán a tributar o mesmo que aqueles postos pechados que teñan as súas mesmas características.

ARTIGO 4º. DEVENGO

1. Cando se trate de postos fixos, as taxas devengarase por períodos mensuais e serán irreductibles.
2. Para os postos eventuais con dereito a reserva o devengo será diario.
3. A taxa pola entrada de camiós devengarase diariamente.
4. A taxa pola almacenaxe fóra dos sotos devengarase, así mesmo, diariamente.
5. A taxa polas pesadas devengarase por cada utilización da báscula.

ARTIGO 5º. PROCEDIMENTO DE PAGAMENTO

1. Os importes mensuais por canon da concesión de postos fixos e de almacéns en sotos terán que ser satisfeitos dentro do mes que se liquida.

2. As cantidades liquidadas diariamente ou as devengadas por cada utilización cobraranse polo funcionario encargado, que diariamente presentará relación con duplicado de xustificante de pagamento na Tesourería municipal para a formalización regulamentaria dos ingresos.

ARTIGO 6º.

Os concesionarios que deixen transcorrer un mes sen facer efectivas as cantidades polo canon de referencia cesarán na concesión, coa perda de todos os dereitos derivados dela, e satisfarán o descuberto a conta do depósito a que se refire o artigo seguinte.

ARTIGO 7º. GARANTÍAS

Para responder do pago puntual do canon mensual da concesión, o titular desta deberá constituír na Tesourería municipal un depósito en metálico de contía equivalente a unha mensualidade incrementada nun 10%.

ARTIGO 8º.

A devolución dos depósitos, cando proceda, efectuarase a petición do interesado, tralo informe do funcionario encargado da praza ou mercado, con proposta do Servizo de Facenda Local, visada por Intervención, e resolución da Alcaldía.

ARTIGO 9º. DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS

1. Correspóndelle ó Excmo. Concello de Lugo, a cesión da explotación dos postos fixos a particulares, mediante a fórmula de concesión administrativa.

2. Os postos fixos determínanse do seguinte xeito:

a) PRAZA DE ABASTOS: postos pechados, postos abertos e almacéns de sotos.

b) MERCADO DE QUIROGA L. BALLESTEROS: postos interiores e postos exteriores.

ARTIGO 10º.

1. A adxudicación de postos fixos na praza e no mercado, e dos almacéns dos sotos efectuarase polos trámites das concesións administrativas fixados regulamentariamente nos textos legais. Para tal efecto, o órgano competente aprobará os pregos de condicións técnicas e económico-administrativas que rexerán estas, coas publicacións regulamentarias.

2. O tipo de licitación expresarase no prego de condicións trala valoración técnica en cada caso concreto, utilizándose para isto criterios obxectivos tales como metros cadrados de ocupación, metros cadrados de escaparate, canon satisfeito, localización, etc., sen prexuízo da consideración de factores determinantes no momento concreto, tales como o prezo do mercado.

ARTIGO 11º.

1. Efectuada a adxudicación definitiva, formalizarase esta nun documento asinado polo Ilmo. Sr. Alcalde e polo interesado, e referendado polo Secretario da Corporación, reintegrado polo selo municipal na contía prevista na ordenanza fiscal correspondente.

2. O prazo da concesión terá unha duración de 35 anos, e será prorrogable tacitamente por un período de 10 anos, ata completar un máximo de 45, que comenza a contar dende a adxudicación.

ARTIGO 12º. DOS TRASPASOS

1. Poderán ser titulares das autorizacións recollidas neste regulamento todas as persoas físicas e xurídicas con plena capacidade de obrar, e os menores de idade e incapacitados sempre e cando se encontren representados por quen estea legalmente autorizado.

ARTIGO 13º.

1. Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos ou por causa de morte, nos casos e coas condicións sinaladas máis abaixo, e de acordo coas condicións sinaladas nos contratos particulares e vixentes.

2. No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transferible de pais a fillos e destes a aqueles, e entre cónxuxes, sen haber lugar a satisfacer cantidade ningunha, e continuando o depósito correspondente. A transmisión de que se trate deberá de formalizarse nun prazo de noventa días naturais, que comenzarán a contar dende o seguinte ó falecemento, xubilación ou declaración de invalidez, trala xustificación fidedigna destas situacións. Neste suposto, a concesión caducará na mesma data prevista polo transmisor.

ARTIGO 14º.

1. Os concesionarios poderán propoñerlle ó Concello o cambio de titularidade da concesión por actos “inter vivos”, sempre dentro das condicións do contrato de concesión administrativa. A Administración municipal terá a liberdade para acceder ou non á devandita solicitude no caso de cambio de actividade.

2. Non poderán ser beneficiarios de traspasos aquelas persoas que, malia teren sido titulares ou concesionarios de postos, perderan os seus dereitos por sancións.

3. En caso de traspaso, con excepción dos casos estipulados no anterior artigo, o novo titular terá que satisfacer, por unha vez, unha cantidade equivalente a un ano do canon establecido para o dito posto. En calquera caso, outorgarase a oportuna autorización, na que se fará constar que o prazo será o mesmo que o establecido para a primeira concesión na que se subroga o novo titular, ou das súas prórrogas. Así mesmo, o novo titular constituirá o depósito correspondente sinalado na ordenanza fiscal vixente, excepto nos casos por traspasos aludidos no anterior artigo que continuarán co depósito anterior.

Non se procederá á autorización do traspaso se o anterior titular non está ó corrente dos pagos do canon concesionario.

ARTIGO 15º. DA CADUCIDADE, RESCISIÓN E RESCATE.

A concesión caducará tralo transcurso do prazo de 35 anos ou das súas prórrogas.

ARTIGO 16º.

Todos os almacéns fixos sobre os que non exista concesión en vigor poderán ser cedidos a quen o solicite, directa e diariamente -con carácter provisional- polo encargado do servizo e coa autorización da Alcaldía, e satisfarán a cantidade de 1,20 € ou 1,40 € por día,segundo sexa sen autorización de venda directa desde os camións ou con ela.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

1. Para o non previsto expresamente neste texto será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, especialmente as relativas a contratación, bens e servizos das entidades locais.

Subsidiariamente, a lexislación estatal sobre contratación, e os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos, así como os preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

2. Especialmente terase en conta a aplicación directa dos preceptos da Ordenanza fiscal xeral e as normas do Regulamento do servizo de mercados aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrado o 3 de maio de 1999.

3. Os contratos particulares de concesión subscritos para os postos rehabilitados da praza de Abastos e mercado de Quiroga Ballesteros, aplicaranse con carácter preferente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008